

**EXPEDIENTE Nº 3/2022 (EXP. 4783/2022): OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOV DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2022”**

**INFORME TÉCNICO**

Visto o expediente de referencia, trasladado pola Mesa de Contratación á técnica que subscribe para á emisión do **correspondente informe sobre apertura dos Sobres nº 2 e valoración e ponderar das solicitudes de acordo cos criterios expostos na Base nº 7 do Prego de Bases do Concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da Feira de artesanía da vila de Portonovo durante a tempada de verán 2022.**

**A) CUMPRIMENTO DE REQUISITOS ESIXIDOS NA CLÁUSULA 7<sup>a</sup> DO PREGO**

A cláusula 7<sup>a</sup> establece:

“.....BASE 7º. Criterios de valoración das solicitudes para o outorgamento da autorización Para o outorgamento da autorización teranse en conta os seguintes criterios a valorar nas solicitudes presentadas:

**A. Experiencias en organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.**

• Acreditación de ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2020. Criterio valorado cun máximo de 20 puntos.

Outorgaranse 4 puntos por cada experiencia acreditada, ata un límite de 20 puntos (que é o máximo a obter por este criterio).

As experiencias na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acreditarse mediante unha declaración da entidade acompañada dos documentos que acrediten a realización desta prestación.

• Acreditación de ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía fora do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2020. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.

Outorgaranse 2 puntos por cada experiencia acreditada, ata un límite de 10 puntos (que é o máximo a obter por este criterio).

As experiencias na organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía fora do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acreditarse mediante unha declaración da entidade acompañada dos documentos que acrediten a realización desta prestación.

**B. Memoria organizativa e descriptiva da actividade a desenvolver no marco das autorizacións a outorgar. Criterio valorado cun máximo de 50 puntos.**

En concreto, teranse en conta os seguintes extremos:

• Descripción da actividade a desenvolver identificando os obxectivos que se pretenden acadar e a metodoloxía de traballo. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.

• Descripcións da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar para a Feira, e das súas características estéticas, dimensionais e estruturais. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.

## O.A. Terra de Sanxenxo

- Descripción detallada do mecanismo de selección e organización dos artesáns que participarán na Feira. Criterio valorado cun máximo de 5 puntos.
- Incorporación dun plan de mantemento e vixilancia da vía pública da Feira, tendo en conta as posibles situacions de carácter extraordinario. Valorarase positivamente a descripción dos medios persoais e materiais postos a disposición da Feira para o seu mantemento e vixilancia, e, en concreto, número de efectivos, distribución e horarios. Criterio valorado cun máximo de 5 puntos.

**C. Dispor de páxina web, blog ou perfil social onde se faga referencia expresa á actividade de artesanía e organizacions de eventos de artesanía levada a cabo pola entidade, así como ás actividade e eventos organizados no último ano. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.**

Concorren ao procedemento as entidades ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA), ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICAS, ASOCIACIÓN DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS E ASOCIACIÓN A.C.T.I.V.A.

### **B) VALORACIÓN DAS MEMORIAS ORGANIZATIVAS (ARQUIVO ELECTRÓNICO SOBRE 2)**

#### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS:**

- Con data 24/05/2022 O Alcalde-presidente, solicita informe xurídico sobre a documentación achegada polos solicitantes, do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na Base 6 do prego e de si existen defectos subsanables con indicación dos mesmos, así como si finalmente procede admitir ou non a quien corresponda.
- Con data 30/05/2022 a asesoría xurídica emite informe sobre o cumprimento ou non dos requisitos establecidos na Base 6 do prego e si existen defectos subsanables con indicación dos mesmos.
- Dende Turismo de Sanxenxo, S.L. remítese Requerimento de subsanación de documentación a Asociación de personas con Discapacidad Física.
- Con data 2/06/2022 a asesoría xurídica emite informe sobre o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 6 do prego da Asociación de personas con Discapacidad Física.

A vista do anterior e feita a valoración das memorias presentadas polos licitadores ADMITIDOS,

## O.A. Terra de Sanxenxo

---

### INFORMA:

Atendendo a base 7ª realizase a seguinte valoración según os criterios establecidos :

A. EXPERIENCIA EN ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DE Feiras e eventos de artesanía. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.

#### Ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de feiras ou eventos na Comunidade autónoma de Galicia (máx. 20 ptos)

- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA): Acredita ter participado na organización de diferentes Feiras de Artesanía. Feita consulta das reseñas sinaladas na declaración, acredítase a participación desta entidade nas seguintes, non atopando información sobre a súa participación nas feiras de pequeno formato:

Mostrart (A Coruña): Ano 2020, Ano 2021 -----8 ptos  
Ofeitoaman (Vigo): Ano 2020, 2021-----8 ptos

-----16 ptos

- ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICAS: Non acredita ter participado en feiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

-----0 ptos

#### Ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de feiras ou eventos fora da Comunidade autónoma de Galicia desde o 1 de xaneiro de 2020 (máx. 10 ptos)

- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA): Non acredita ter participado na organización de diferentes feiras fora de Galicia.

-----0 ptos

- ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICAS: Non acredita ter participado en feiras fora de Galicia.

-----0 ptos

| EMPRESA   | GALICIA | FORA<br>GALICIA | DE | TOTAL |
|---|---------|-----------------|----|-------|
| ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA):            | 16      | 0               |    | 16    |
| ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICAS | 0       | 0               |    | 0     |

## O.A. Terra de Sanxenxo

B. MEMORIA ORGANIZATIVA E DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER NO MARCO DA/S AUTORIZACIÓN/S A OUTORGAR. Criterio valorado cun máxima de 50 ptos

### Descripción detallada do mecanismo de selección e organización dos artesans que participan na Feira. Criterio valorado cun máximo de 5 ptos

- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA): No seu relatorio especificase claramente un proceso de selección transparente e que atende os requisitos que se establecen na Base 13ª do Prego no que se especifica os requisitos que deben cumplir os terceiros que ocupen os postos de venda da feira de artesanía así como, a organización dos artesáns que participen na feira. Valorase positivamente a proposta de participacións puntuais de artesáns, por períodos de semanas naturais ou asimilables continuados, por considerarse que é un plantexamento que posibilita unha ampliación da variedade da oferta ao visitante. Así tamén se valora positivamente que se teña en conta que estes cambios de artesáns se realice en horarios fora da apertura ao público para que non entorpeza o bo funcionamento da feira.

-----5 ptos

ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICAS: No seu relatorio se fai mención ós criterios de selección que se van a ter en conta a hora de seleccionar os artesáns (páxina 13 “Se hace una selección de los materiales para que no se hagan competencia entre ellos, ni tiendas que haya en los alrededores, tanto en artesanía o en gastronomía su lo hubiere, nos figuramos que los artesanos que han expuesto otros años se pondrían en contacto con el adjudicatario del evento, pero se valoraría lo mismo que a los demás, para que fuera una exposición y venta de materiales que no se hagan competencia entre ellos mismos, es el mecanismo que seguimos cuando hacemos los eventos sea donde sea que se monte, es la política para que un evento funcione y guste a los visitantes”). Votase en falta a concreción de como vai a ser o proceso e mecanismos para que os artesán interesados presenten a súa solicitude de participación.

-----2 ptos

C. DISPOR DE PÁXINA WEB, BLOG OU PERFIL SOCIAL ONDE SE FAGA REFERENCIA EXPRESA Á ACTIVIDADE DE ARTESANÍA E ORGANIZACIÓN/S DE EVENTOS DE ARTESANÍA LEVADA A CABO POLA ENTIDADE, ASÍ COMO ÁS ACTIVIDADE E EVENTOS ORGANIZADOS NO ÚLTIMO ANO. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.

- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA): No seu relatorio especificase que contan cunha páxina web propia [galegadeartesans.org](http://galegadeartesans.org) e que tamén conta con presenza nas redes sociais de Instagram e Facebook. Feitas as comprobacións oportunas constatase este feito. Valorase positivamente que a súa páxina web, conta con varias seccións: Presentación (onde fai unha descripción de quenes son); socios; novas (onde se pode comprobar información sobre diferentes feiras levadas a cabo dende esta entidade organizados neste último ano), directorio, documentación; contacto e area de socios.

-----10 ptos



## O.A. Terra de Sanxenxo

- ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICAS: No seu relatorio fai mención a súa presencia en redes sociais como Facebook, Instagram, Twitter, LinkedIn, Youtube, Facebook Messenger. Feita unha búsqueda e comprobadas as redes sociais que nos indican constatase que a Asociación de persoas con Discapacidad Física A.P.D.F. posúe ademais unha paxina web [www.apdf.es](http://www.apdf.es) na que figuran diferentes apartados nos que se explica a súa actividade. Áinda que no apartado de "Eventos. Actividades, Blog" se fai referencia ao seguinte:

### .....EVENTOS:

- Los eventos que organiza la ONG APDF, en el municipio y en el resto de España, con la colaboración de los Ayuntamientos cediendo un espacio en vía pública, son todos programados y organizados con anterioridad, con materiales reciclados y elaborados manualmente por los residentes en la organización y que sirven para el uso y venta de los mismos.
- Con ello, APDF trata de mantenerse y cubrir los gastos que normalmente se tiene por el mantenimiento diario de las personas necesitadas y sin recursos, y poder tener una posible hucha para poder hacer que estas personas tengan sus vacaciones y salgan de su entorno y puedan conocer mucha más gente, tanto en la montaña como en playa, y que se diviertan a pesar de tener la discapacidad física,""""

Votase de menos a falta de información específica e expresa a actividade de artesanía e organización de eventos de artesanía.

-----4 ptos



## CADRO DE PUNTUACIÓN

| CRITERIO  | ASOCIACIÓN<br>GALEGA DE<br>ARTESÁNS (AGA) | ASOCIACIÓN<br>DE PERSONAS<br>CON<br>DISCAPACIDAD<br>FÍSICA |
|---|---|--|
| A.-EXPERIENCIA EN ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DE Feiras e eventos de artesanía. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.  |   |  |
| <b>Ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de feiras ou eventos na Comunidade autónoma de Galicia (máx. 20 ptos)</b>   | 16  | 0  |
| <b>Ter participado na organización, xestión e desenvolvemento de feiras ou eventos fora da Comunidade autónoma de Galicia desde o 1 de xaneiro de 2020 (máx. 10 ptos)</b>   | 0   | 0  |
| B.-MEMORIA ORGANIZATIVA E DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER NO MARCO DA/S AUTORIZACIÓN/S A OUTORGAR. Criterio valorado cun máxima de 50 ptos  |   |  |
| <b>Descripción detallada do mecanismo de selección e organización dos artesans que participan na Feira. Criterio valorado cun máximo de 5 ptos</b>  | 5   | 2  |
| C.-DISPOR DE PÁXINA WEB, BLOG OU PERFIL SOCIAL ONDE SE FAGA REFERENCIA EXPRESA Á ACTIVIDADE DE ARTESANÍA E ORGANIZACIÓN/S DE EVENTOS DE ARTESANÍA LEVADA A CABO POLA ENTIDADE, ASÍ COMO ÁS ACTIVIDADE E EVENTOS ORGANIZADOS NO ÚLTIMO ANO. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos. | 10  | 4  |
| <b>TOTAL PUNTOS</b>   | <b>31</b>                                 | <b>6</b>   |

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

